

**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO
DE INMOVILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS**

POR ENGANCHE E RETIRADA

Ciclomotores	26,57
Motocicletas, triciclos, motocarros e análogos	39,85
Turismo	66,42
Furgonetas e análogos PMA 1,500 Kg.	79,71
Idem. 1501 a 3500 Kg	110,88
Camións e outros vehículos de 3501 a 6000 kg	172,70
Camións articulados e outros vehículos	308,52

POR DEPÓSITO/DÍA

Ciclomotores	4,34
Motocicletas, triciclos, motocarros e análogos	4,34
Turismo	4,34
Furgonetas e análogos PMA 1,500 Kg.	4,34
Idem. 1501 a 3500 Kg	8,94
Camións e outros vehículos de 3501 a 6000 kg	19,25
Camións articulados e outros vehículos	28,20

**ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE APERTURA
E VERIFICACIÓN DE ESTABLECEMENTOS**

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por outorgamento das licencias de apertura e verificación de establecementos”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen a condición de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes Ordenanzas e Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

2.—Para tal efecto, terá a consideración da apertura:

- a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo as súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

3.—Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- a) Se dedique o exercicio de algunha actividade empresarial, fabril, artesanal, da construción, comercial e de servicios.
- b) Aínda sen desenvolver aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamentos, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Responderá solidariamente e subsidiariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas designadas como tales na Lei Xeral Tributaria

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria esixirase por unidade de local, establecéndose as seguintes tarifas da cota, dependendo do feito imponible de que se trate, dos incluídos no artigo 2 da presente Ordenanza:

- 1. Actividades inocuas, non suxeitas a autorización ou licencia, no marco do sistema de declaración responsable, comunicación previa, e a súa realización a través do control a posteriori da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos a lexislación sectorial comunicada ou non a declaración responsable ou comunicación previa da referida apertura.

Cota tributaria
TAXA POR APERTURA DE ESTABLECEMENTOS
IPC AGOSTO 2012 AGOSTO 2013

<i>FABRICACIÓN</i>	<i>EUROS</i>
Fabricación de material de transporte, productos alimenticios, bebidas ou tabaco, textil, da confección, do calzado, de mobles ou industria do papel	744,58
<i>SERVIZOS, VENDA, DISTRIBUCIÓN</i>	
1) Comercio por xunto	247,56
2) Comercio polo miúdo	185,98
3) Restaurantes, establecementos de bebidas con servizo de comidas.	247,81
4) Cafés Bares de cat. especial con espectáculos en vivo.	297,36
5) Hoteis, moteis, hostais, pensións e sim.: por cada habitación	8,40
6) Campings, albergues e refuxios: por praza.	3,76
7) Bancos, caixas de aforro e outros establecementos financeiros	1.487,93
8) Axencias, delegacións de seguros e similares	372,29
9) Salas de cine, teatro e espectáculos	297,36
10) Garaxes e aparcamentos: por praza	6,73
11) Inmobiliarias e axentes da propiedade inmobiliaria	372,29
12) Establecementos afectos ós servizos de transporte (estacións, terminais, oficinas venda billetes, facturac.)	186,16
13) Servizos de correos e mensaxería	186,16
14) Axencias de viaxe.	186,16
15) Establecementos afectos ós servizos de telecomunicacións	186,16
16) Establecementos de ensino	186,16
17) Consultas médicas e similares.	186,16
18) Establecementos de asistencia social	75,19
19) Establecementos afectos á actividade de construción (oficinas, locais destinados á venda, talleres e sim.), e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga	223,63
21) Talleres e outros establecementos de reparación de vehículos, electrodomésticos e outros bens de consumo	223,63
22) Comercio polo miúdo de combustible, carburante e lubricantes.	223,63
23) Outros establecementos non clasificados nos apartados anteriores	174,35

- a) A cota tributaria aplicaráselle un coeficiente en función da superficie do local, de acordo coa seguinte escala:

Ata 50m ²	0,9
De 51 a 100m ²	1
De 101 a 200 m ²	1,2
De 201 a 500 m ²	1,3

De 501 a 1.000 m ²	1,4
De 1.001 a 2.000 m ²	1,5
De 2.001 a 10.000 m ²	1,6
De 10.001 a 50.000 m ²	1,7
De máis de 50.000 m ²	2

- b) Sobre o resultado de aplicar os anteriores coeficientes, aplicarase un índice que pondere a situación do local, de acordo coa categoría da rúa segundo a clasificación seguinte das vías públicas:

Primeira categoría: 1,50

Segunda categoría: 1,25

Terceira categoría: 1

Correspóndese: Categoría 1: Avda. Marín e as súas transversais, Eugenio Sequeiros, Eduardo Vincenti, Montero Rios, Méndez Núñez, Avda. Castelao, Praza da Constitución e Avda. Bueu. Categoría 2: Restantes rúas do casco urbano de Cangas; Categoría 3: resto do municipio.

- c) Cando nun establecemento se exerzan varias actividades, liquidarase a cota íntegra que corresponda a actividade que resulte máis alta e, ademais o 30% das restantes.

- 2. Actividades clasificadas, suxeitas a autorización ou licencia, declaración responsable ou comunicación previa, para o funcionamento dos seus establecementos, segundo establecen os artigos 2, 5, e 6 da Lei 17/2009 de 23 de novembro, sobre o Libre Acceso ás Actividades de Servicios e o seu Exercicio, en relación co disposto nos artigos 1 e 2 da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de Libre Prestación de Servicios, así como as actividades que están incluídas no Anexo ao Real Decreto-Lei 19/2012, de 26 de maio de 2012 de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servicios e están sometidas á presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Nas actividades clasificadas as cotas anteriores multiplicaranse polo seguinte coeficiente, antes de proceder a aplica-los coeficientes e índices pola superficie útil do local: 2,00

Cota mínima por licencia de apertura ou cambio de actividade132,3€

ARTIGO 6.—BONIFICACIONES

Cando sexa recoñecida como Iniciativa Local de Emprego unha actividade, bonificarase a taxa da Licencia de apertura de establecementos co 50% do seu importe.

ARTIGO 7.—DEVENGO

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de apertura, ou declaración responsable ou comunicación previa se o suxeito pasivo formulase expresamente esta, momento en que de conformidade co previsto no artigo 26, apartado 1.a) do Texto Refundido da Lei das Fachendas Locais deberá efectuarse o depósito previo do importe total da taxa.

2. Cando a apertura tivese lugar sen ter obtido a oportuna licencia, nin presentado a declaración responsable ou comunicación previa a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación de expediente sancionador por infracción tributaria.

3. A obriga de contribuír, unha vez teña nacido, non se verá afectada, en modo ningún, pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestamento do solicitante unha vez concedida a licencia.

ARTÍCULO 8 NORMAS DE XESTIÓN

1. As persoas interesadas na apertura dun establecemento, presentarán, polos sistemas habilitados polo concello, declaración responsable, comunicación previa ou solicitude de Licencia, de conformidade coa clasificación e réxime contido no art. 5 de la presente Ordenanza, xunto cos documentos que sexan necesarios, especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, e os proxectos técnicos e demais documentos xustificativos de aquelas circunstancias que houberen de servir de base para a liquidación de aquelas, xunto coa autoliquidación correspondente no modelo que estableza a Corporación, que terá carácter de liquidación provisional.

Si despois de presentada a Declaración responsable ou a Comunicación previa se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento dos Servizos Técnicos Municipais, así como coa autoliquidación complementaria que corresponda, que seguirá tendo o carácter de provisional.

A autoliquidación da taxa deberá ser presentada conxuntamente coa solicitude de licencia, ou o escrito de comunicación previa, ou declaración responsable, acompañando xustificante de abono a favor do concello nas entidades financeiras que se dispoña, sen o cal non se dará inicio ao procedemento de concesión de licencia ou de toma de razón de declaración responsable.

ARTIGO 9º. LIQUIDACION E INGRESO

O Concello de Cangas, de acordo co previsto no artigo 27 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, esixirá a taxa en réxime de autoliquidación. Dita autoliquidación deberá realizarse con carácter previo á presentación da declaración responsable, comunicación previa ou solicitude de Licencia,, polo que terá natureza de depósito previo.

ARTIGO 10.—INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO
DE LICENZAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGAMENTO****ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de alugamento”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas as cales atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible desta Taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas